

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 24

SESION EXTRAORDINARIA DO 23 DE DECEMBRO DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.ª del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Silva Rego Mª Carmen, 1ª Tenente de Alcalde do grupo municipal Socialista.

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, e posterior remate do estado de alarma en Galicia o día 15.06.20, este Pleno segue realizándose por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e tres de decembro do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Sr. Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Diaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral Acctal. do Pleno que asina D^a Susana Gallardo Fariña (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señoras/es concelleiros, iniciamos Pleno sesión extraordinaria, convocada para o día de hoxe, ás 9,00 horas, constatamos quórum, orde do día en poder das señoras/es concelleiros tanto presenciais como con seguimento telemático, hai un único punto da orde do día, resolución das alegacións e aprobación definitiva do Orzamento do Concello ano 2021, o mecanismo será 5 minutos de intervención inicial ao concelleiro de Facenda, para os tres grupos e ao concelleiro non adscrito e pechará o debate o concelleiro de Facenda. Iniciamos o debate.

UNICO(228).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA O ANO 2021. EXPTE. 69/142. (REXISTRO PLENO 2721/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 18 de decembro de 2020, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emite a seguinte proposta,

“Órgano: Ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda

Asunto: Proxecto de Orzamentos Xerais do Concello de Vigo para o ano 2021.

Perímetro de consolidación:

Orzamento da Entidade Local.

Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Anexo dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

Proposta: Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda coa corrección de erro do Ditame da C.I (Delegación por Resolución de 18 e 26 de xuño de 2019, texto consolidado do 04/09/2020).

ANTECEDENTES

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 18 de novembro 2020, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local, o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo e o anexo orzamentario das Fundacións: *MARCO* e *CONVENTION BUREAU* para o ano 2021.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 225 do día 20 de novembro, comezando a súa exposición o día 23, e rematando o prazo da mesma o 14 de decembro de 2020.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta emitida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados tres alegacións que forma parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2021. Todas e cada unha delas foron resoltas, pronunciándose sobre a inadmisión, estimación ou desestimación das mesmas de acordo aos motivos que en cada caso se reflicten no informe que se achega, dando así cumprimento ao previsto no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Referenciase na proposta para o Pleno os números de documentos do Rexistro electrónico que teñen as alegacións, así como a identidade de quen a presentou (persoa xurídica ou en representación), aínda que as mesmas forman parte do expediente.

A contestación que en cada caso motiva a inadmisión, estimación ou desestimación figura no informe que conforma o expediente administrativo. Na identificación do alegante analízase a lexitimación en cada caso de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada, así mesmo avalíase se se dá cumprimento as causas obxectivas que regula o artigo 170.2 do TRLRFL.

En consecuencia co anterior, aquelas alegacións que estean no marco xurídico do artigo 170.1 ou 170.2, é dicir, que o alegante teña lexitimación para presentar a mesma, e ademais, a alegación estea nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 TRLRFL, nese caso, estudada e avaliada tecnicamente, o órgano político pronunciarase sobre a estimación/desestimación ou inadmisión.

No caso no que non exista lexitimación ou non se corresponda cos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, a alegación será inadmitida, sen entrar na análise da mesma.

Visto o informe técnico sobre as alegacións presentadas ao proxecto do Orzamento para o ano 2021 no prazo de exposición pública, fórmase a Pleno a seguinte:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2021

Tendo en conta o anterior, propónse ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte...”

Deseguido o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 15.12.2020, o Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario, emitíu o seguinte informe sobre as alegacións.

“Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 3 de novembro de 2020, coa proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, previa emisión de todos os informes preceptivos, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI, esta última en liquidación, por elo sin orzamento, para o ano 2021.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 06/11/2020 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, permitiu a todos os Concelleiros o acceso ao expediente electrónico, conformado pola documentación que conforma o expediente nº 69/142, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos

aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 3 de novembro de 2021. O prazo fixado comezou o día 06/11/2020 co acceso ao expediente 69/142, e rematou as 14,00 horas do día 11/11/2020 .

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, fixeron uso da súa prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data do rexistro das mesmas e a súa incorporación ao expediente electrónico.

A Comisión de Orzamentos e Facenda en sesión Extraordinaria do 13 de novembro de 2020, ditaminou favorablemente a proposta formulada do Orzamento para o ano 2021, contendo o pronunciamento sobre as emendas presentadas.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 18 de novembro 2020, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local, o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo e o anexo orzamentario das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2021.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención - Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 225 do día 20 de novembro, comezando a súa exposición o día 23, e rematando o prazo da mesma o 14 de decembro de 2020.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta e incorporada ao expediente electrónico emitida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, tres alegacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2021.

Normativa de aplicación

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas

económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, coa modificación incorporada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local .

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016.

Acordo da Comisión Europea de suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento, quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape (acordos de marzo/setembro) para 2020-2021.

Acordo do Consello de Ministros o 6 de outubro polo que se suspende os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra de Gasto e Endebedamento para o período 2020 e 2021 e se autoriza ás Entidades Locais aos empregos do Remanente Líquido de Tesourería de forma non finalista.

Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 20 de outubro sobre a ratificación da suspensión das regras fiscais para os anos 2020-2021.

Réxime legal para a presentación de alegacións e reclamacións ao Orzamento

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (en diante, RP), regula o réxime de reclamacións ao Proxecto de Orzamentos das entidades locais. No apartado primeiro dos artigos 171 do TRLRFL e 22 do RP, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lexitimación

En relación coa lexitimación activa para formular reclamacións en vía administrativa á aprobación do orzamento, os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, prevén tres categorías de interesados:

- a) Os habitantes do territorio da respectiva Entidade local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante, LRBRL).
- b) Os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade Local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 da LPAC).
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC).

As reclamación e alegacións presentadas, incorporáronse ao expediente electrónico e físico. Da súa avaliación, todas cumprirían o requisito de lexitimación activa, xa que os reclamantes atópanse nalgunha das categorías de interesados antes enunciadas.

Causas sobre as que se pode alegar ou reclamar

Ademais da lexitimación activa, deben concorrer as causas obxectivas. O apartado segundo do citado artigo 170 do TRLRFL, así como o mesmo apartado do artigo 22 do R.P, enumeran os motivos taxados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

1. Un primeiro motivo polo cal unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento, ven determinado, por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio TRLRFL.
2. En segundo lugar, por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo. A Lei impón ás Entidades Locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, é preciso que a mesma sexa “esixible”, isto é, que a mesma se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade.
3. En terceiro lugar, por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

A doutrina maioritaria soamente permite a reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas” tal e como fai referencia o precepto, de non ser así, suporía limitar as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local.

O artigo 85.3 do Regulamento Orgánico do Pleno, establece que as reclamacións serán informadas no prazo dos quince días seguintes ao de finalización do prazo polo órgano municipal competente en materia de orzamentos, se existira, ou, no seu caso, pola Intervención Xeral que formulará proposta ao Pleno, no caso de que a proposta introduza modificacións ao proxecto inicial como consecuencia da estimación de reclamacións abrirase aos grupos municipais un prazo de presentación de emendas de tres días que só poderán referirse a tales modificacións; debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame que será elevado ao Pleno para a súa aprobación definitiva se procede.

Tipificación de inadmisión ou rexeitamento

Aquelas alegacións que estean no marco xurídico do artigo 170.1 e 170.2, é dicir, que o alegante teña lexitimación para presentar a mesma, e ademais, a alegación estea nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 TRLRFL, nese caso, estudada e avaliada tecnicamente e o órgano político pronunciárase sobre a aceptación ou rexeitamento. No caso no que non exista lexitimación ou non se corresponda cos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, a alegación será inadmitida.

En calquera dos supostos previstos, o informe detallará en síntese o contido da alegación e xustificará a causa da inadmisión ou se fose o caso, do rexeitamento/desestimación.

Unha vez que queda tipificada a lexitimación activa e as causas polas que se poden formular reclamacións e alegacións ao Orzamento Municipal, as que se someten a informe son as seguintes:

Alegacións presentadas

Alegación presentada por Dona Lourdes Pedrazuela Bea con DNI núm. 50703814S, en representación da Unión Sindical Obreira (USO, CIF: V83365445), con nº rexistro electrónico 200121214519, Sede electrónica do Punto de Acceso Xeral (<https://sede.administracion.gob.es/>), co seguinte contido de síntese:

-Crítica que se pretenda a caducidade de prazas incluídas en Ofertas de Emprego Público, salvo que sexan necesarias, para unha reordenación técnica dos recursos humanos e reorganización. Esta decisión debería ser consensuada con toda a representación sindical.

-Crítica a existencia de prazas sen correspondencia nunha Oferta de Emprego Público, deberían ser postos temporais, pero non prazas, fixas e permanentes, e por racionalización preténdese un proceso de amortización. Esta decisión debería ser igualmente consensuada con toda a representación sindical.

-Crítica a elevadísima temporalidade que existe no persoal municipal, que é necesario reducir, por canto dun total no cadro de persoal de 1409 empregadas e empregados, hai 323 prazas vacantes, incluídas algunhas incluídas en Ofertas de Emprego aínda pendentes de execución. Parece que se pretende facer un ERE pola porta de atrás.

-Crítica que se pretende un proceso de transformación de prazas para axustar a estrutura do persoal ás necesidades que xera o desenvolvemento da Administración Electrónica. Parece que se pretende facer un ERE pola porta de atrás.

-Crítica que da documentación que acompaña ao Orzamento xa se prevexa, antes da súa entrada en vigor, que a partida consignada para acometer o nomeamento de interinos é insuficiente. É un fracaso que unha Administración Pública probe un Orzamento con partidas deficitarias xa antes da súa aprobación.

Sobre as materias obxecto de negociación

Como cuestión previa á análise desta alegación, faise constar, que con carácter previo ao pronunciamento dos órganos que teñen competencia na materia, o expediente electrónico n.º 36.223/220, foi sometido á negociación colectiva coa representación sindical do persoal en datas 09/10/2020 e 13/10/2020, segundo as actas incorporadas ao expediente electrónico.

As xuntanzas foron desenvolvidas en vía telemática, mediante a aplicación WEBEX, da que se enviou o correspondente enlace aos legais integrantes da mesma.

O marco legal da negociación colectiva nas Administracións Públicas está establecido no capítulo IV, artigos 31 a 46 (ambos inclusive) do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e que constitúe marco de legalidade común aplicable á negociación das condicións de traballo de persoal funcionario e laboral ao servizo das entidades locais.

A negociación colectiva no ámbito do sector público, segundo o previsto no artigo 33 do TREBEP, está suxeita aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, e efectuarase mediante o exercicio da capacidade representativa recoñecida ás organizacións sindicais nos artigos 6.3,c); 7.1 e 7.2 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical, e no previsto no capítulo da lei indicado.

Por tanto, a Mesa de negociación desenvolveu o contido do Orde do día, que está nas materias de negociación contidas no artigo 37 do TREBEP.

O procedemento de elaboración e aprobación do Orzamento someteuse ao procedemento regulamentado no TRLRFL, quedando de manifesto que as convocatorias da Mesa de negociación fixéronse cos prazos legais de acordo ao réxime de funcionamento da mesma e que os integrantes da mesa, tiveron acceso a totalidade da información contida no expediente con máis de 48 horas de antelación e non requiría a votación da urxencia con carácter previo ao debate do orde do día.

En canto ao resultado da negociación colectiva, debe indicarse que a obriga de negociación constitúe unha obriga de medios e non de resultados.

Sobre as cuestións contidas na alegación, infórmase o seguinte:

PRIMEIRA CUESTIÓN.- En relación coa crítica sobre a caducidade de prazos incluídas en Ofertas de Emprego Público, non hai constancia real, técnica nin legal de tal feito. Hai un informe de Área de Recursos Humanos, asinado o 18/10/2019, na que se deixa constancia da situación das OEP aprobadas en execución e da data a ter en conta aos efectos do cómputo dos tres anos.

O debate, sobre o prazo de vixencia das OEP que fixa o artigo 70 do TREBEP, quedou pechado definitivamente polo Tribunal Supremo, Sentencia nº 660/2019, de 21 de maio, que considera que este límite de tres anos é improrrogable, e o cómputo vai dende a publicación da OEP até a publicación da convocatoria que inicia o procedemento de selección.

O informe conclúe que no hai caducidade sobre a OEP do 2015 que ofrecía algunha dúbida.

A día de hoxe, están en execución no proceso de listas de admitidos e non admitidos o resto das OEP dos anos 2014/2015/2016, con 18 prazos en quenda libre e 14 en promoción interna. Coa execución deste proceso, quedarán totalmente executadas as OEP máis antigas.

SEGUNDA CUESTIÓN.- Plantexa alegación a existencia de prazas sen correspondencia nunha Oferta de Emprego Público, a alegante considera que deberían ser postos temporais, pero non prazas, fixas e permanentes.

En relación co anterior, o feito de que en aplicación das restricións contidas nas distintas Leis dos Orzamentos Xerais do Estado, a conformación e aprobación de Ofertas de Emprego Público anuais no foron axustadas á Taxa de Reposición de efectivos dende o ano 1996, coas excepcións do período 2003-2008 e a dos anos 2018-2020, consecuencia destas restricións legais, fóronse xerando de prazas que non foron obxecto, por imperativo legal, de ser ocupadas.

As dotacións orzamentarias anuais destas prazas xera recursos para facer fronte a novos empregos dentro do Capítulo 1.

Se das prazas vacantes (323, na fase de formación do Orzamento), se deducen as correspondentes ás OEP aprobadas e se ten en conta os postos cubertos con persoal interino con cargo a praza, tendo ademais en conta a OEP do ano 2020 (82 prazas pendente de aprobar), as prazas non asociadas a ningunha OEP, segundo a información dispoñible para a formación dos Orzamentos do ano 2021, sería de \pm 53 prazas.

Non se comprende o sentido ou concepto de praza temporal da alegante, a praza é a expresión das dotacións orzamentarias consignadas para o afrontamento dos custes asociados a un efectivo, encadrable nunha das escalas, subescalas, categorías, clases e subgrupos de titulación legalmente contemplados dentro de cada Administración Pública, sendo o núcleo conformador do vínculo xurídico que une ao efectivo coa correspondente Administración.

Por tanto, a praza conleva obrigatoriamente á dotación orzamentaria asociada no capítulo I de gastos dos Orzamentos municipais para cada exercicio económico, nos termos do previsto na lexislación orzamentaria e sectorial sobre facendas locais, conformada pola Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria; Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; e leis de orzamentos xerais do Estado para cada ano.

En resumo, as prazas non asociadas a unha OEP, forman parte do Capítulo 1 do estado de gastos mentres a Entidade en uso da súa capacidade organizativa o considere oportuno, que a teor das necesidades, confórmanse como un recurso para facer fronte a novas necesidades do devandito capítulo .

En relación ás materias obxecto de negociación, estas están enumeradas no artigo 37 do TREBEP.

TERCEIRA CUESTIÓN.- Cuestiona a alta temporalidade que existe no persoal municipal, que é necesario reducir, por canto dun total no cadro de persoal de 1.409 empregadas e empregados, hai 323 prazas vacantes.

Sobre este extremo, fanse as seguintes precisións e a súa asociación ás OEP e o seu estado:

Prazas en fase de execución: OEP 2014/2015/2016, 18 por quenda libre e 14 por promoción interna (esta parte da OEP pendente, está en fase de listas de admitidos ou rexeitados). OEP 2017/2018/2019, 1ª Fase, BOP 07/07/2020, total 86 prazas, 62 quenda

libre, 9 de promoción interna e 15 de mobilidade horizontal, 2ª Fase, BOP 07/11/2020, 7 quenda libre, 1 de promoción interna. OEP ano 2020, 82 prazas, pendente de aprobación.

Coa execución das OEP que afectan aos dous servizos mais importantes polo número de prazas (Policía e Servizo de Extinción de Incendios), quedará reducida esta contía a unha taxa conxuntural, coa excepción daquelas prazas que non están asociadas a ningunha OEP por imperativo legal, que como se acreditou, está en ± 53 prazas .

En calquera caso, cada ano vai a estar pendente de execución a OEP do ano inmediatamente anterior, así como as prazas vacantes que se xeraron no ano, máis as prazas que formando parte de plantilla, non están asociadas a ningunha OEP

CUARTA CUESTIÓN.- Tampouco comparte a alegante a pretensión dun proceso de transformación de prazas para axustar a estrutura do persoal ás necesidades que xera o desenvolvemento da Administración Electrónica.

Sobre esta cuestión, me remito á materia obxecto de negociación e aquelas que non o son (artigo 37 doo TREBEP), quedando excluídas da obrigatoriedade de negociación aquelas que afectan ás potestades organizativas.

O lexislador nos últimos anos ven incorporando un novo marco xurídico no ámbito das Administracións Públicas cuns obxectivos moi concretos: Maior eficiencia, máis transparencia, maior apoio ao cidadá nas súa relacións coa administración, máis rapidez nas respostas, maior interrelación entre as administracións, que está a supor un cambio histórico nos procedementos e comportamentos do sector público, me remito ao bloque normativo máis relevante en esta cuestión:

Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos.

Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRJSP).

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira(LOEPSF).

Ley 25/2013, de 27 de decembro, de impulso dá factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica

Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.

A Administración ten a necesidade e a obriga de reestruturar os seus recursos, adaptándoos a esta nova administración e aos requirimentos legais, que sen lugar a dúbidas, está a ser máis eficiente, polo que, os axustes que se fan anualmente na plantilla, teñen como obxectivo avanzar no cumprimento do marco xurídico vixente. Para avanzar nesta reestruturación, o Concello ven desenvolvendo importantes plans de formación para que o persoal ao servizo do mesmo teña a oportunidade de adaptarse aos novos requirimentos técnicos e legais que esixe o bloque de legalidade aplicable. Consecuencia do anterior, o proceso de reestruturación da plantilla, non é unha pretensión, é unha necesidade por imperativo legal.

QUINTA CUESTIÓN.- Por último, considera que a partida consignada para acometer o nomeamento de interinos é insuficiente.

A este respecto, en aplicación da normativa orzamentaria, os créditos avalíanse a partir do concepto de bolsa de vinculación xurídica non das partidas.

Por tanto, a análise debe facerse a partires da dotación que ten o capítulo 1 do estado de gastos. As prazas que non están incluídas en ningunha OEP por limitacións legais, poden conformar recursos para suplementar se fose necesario novos ou maiores empregos no Capítulo 1 nas aplicacións que se consideren que no transcurso do ano resultan insuficientes.

As dotacións de carácter obrigatorio, é dicir, aquelas asociadas á plantilla e a súa RPT (Retribucións Básicas, Complemento de Destino, Complemento Específico, Antigüidade, Seguridade Social a Cargo do empregador, Retribucións por dedicación exclusiva e parcial dos órganos superiores, Persoal eventual), así como aquelas previstas no Marco Regulador Vixente (Plan de Pensións, Fondos Social e outras), e aquelas que teñen causa en acordos adoptados que devengan gasto no ano 2021, a dotación é suficiente e garante os acordos adoptados.

Par acometer novas contratacións, o primeiro requirimento legal (TRLRFL), é a suficiencia orzamentaria, de aí, que o orzamento vaia modificando os créditos do capítulo 1 segundo as necesidades que xurdan que non teñen devengo obrigatorio, e que quedan condicionadas á existencia de recursos adecuados e en contía suficiente.

En consecuencia, os créditos dotados no Orzamento son suficientes de acordo á plantilla, ao Convenio Regulador vixente e aos compromisos legalmente adquiridos, cuestión distinta, é que os acordos que se vaian adoptando no transcurso do exercicio, previa constatación legal da existencia de crédito adecuado para elo, rematen ao final do exercicio orzamentario cun gasto por encima do previsto inicialmente.

Esta/s decisión/s, sempre que exista crédito na bolsa de vinculación ou instrumentando modificacións orzamentarias, poden ser tomadas polo órgano competente no transcurso do ano, atendendo ás necesidades. Na medida en que as OEP se vaian executando, as necesidades a cubrir con contratos temporais ou interinaxes, así como as gratificacións, terán unha tendencia á baixa.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, as alegacións presentadas por la Unión Sindical Obrera (USO), non responden a ningún dos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, ten un alcance que está dentro da capacidade organizativa da entidade e dunha pretensión de ordenación dos recursos, non dunha alegación, polo que procede a súa DESESTIMACIÓN.

Alegacións presentadas por D. Gerardo Campos Ramos en representación da Asociación veciñal de Teis (CIF G36646545) co número de rexistro do documento 20262208 , de data 14/12/2020.

A lexitimación ven determinada polo súa condición de colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC). A alegación consta dun documento que reflicte seis solicitudes cuxa síntese se reflicte.

Dotar unha partida para a eliminación de augas fecais na Arnela por unha contía 110.000,00 euros, detraendo da partida 9120.2279905.

Inclusión dunha nova partida de construción de beirarrúas en Teis, por un importe de 400.000,00 euros, minorando a partida 4320.2279902, promoción turística destinos rotas aéreas .

Nova partida para a mellora do parque da Riouxa por un importe de 250.000,00 euros, minorando a partida 4310.2279901, Programa decoración do nadal.

Nova partida para asfaltados en Teis por unha contía de 180.000,00 euros, detraendo da partida 9120.2279906, produción e seguimento de medios.

Nova partida para a programación do auditorio de Teis, por un importe de 100.000,00 euros, detraendo da partida 4310.2279900, instalacións e mantemento alumeadado de nadal.

Nova partida para a mellora equipamento EDAR Teis, por unha contía de 700.000,00 euros, detraendo da partida 3260.2279914, programa educativo de aulas internacionais.

A alegación presentada propón un cambio na finalidade dos créditos de 1.740.000,00 euros.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, a alegación presentada non responde a ningún dos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa dos empregos orzamentarios, non dunha alegación, polo que procede o súa INADMISIÓN.

En todo caso, tendo en conta as aplicacións orzamentarias do programa 1532, 1710 e 9330, o Goberno poderá atender todos os empregos que se están propoñendo, algúns con dotacións axeitadas segundo o plan de execución (Orzamentos 2021-2023), e outras dentro das vinculacións xurídicas dos créditos orzamentarios das aplicacións que figuran nos devanditos programas, sempre que as mesmas sexan consideradas prioritarias.

Alegación presentada por Dona Maria Asunción Pérez González, en calidade de Presidenta da Federación de AAVV de Vigo Eduardo Chao, co número de documento 200261166 de data 11/12/2020.

En canto ao contido, solicítase a reasignación dun importe de 500.000,00 euros da aplicación orzamentaria 3380.2260906, Festas de Vigo, para a creación dunha nova partida para a promoción da actividade asociativa e cultural das 28 AAVV asociadas.

A lexitimación ven determinada polo súa condición de colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC).

A alegación presentada propón un cambio na finalidade dos créditos.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, a alegación presentada non responde a ningún dos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa dos empregos orzamentarios, non dunha alegación, polo que procede o súa INADMISIÓN.

Corrección de erro

No orzamento aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión do 18 de novembro de 2020, figura no programa 2310 as partidas 6260012 cunha dotación de 200.000,00 euros e a 6400012, cunha dotación de 124.000,00 euros. No PAIF, figura a aplicación 2310.6400012 cunha dotación de 324.000,00 euros. Hai un erro no PAIF, debendo figurar a contía desagregada nas aplicacións segundo o orzamento aprobado, 6260012 cunha dotación de 200.000,00 euros e a 6400012, cunha dotación de 124.000,00 euros.

Conclusións

O procedemento de elaboración e aprobación do Orzamento someteuse ao procedemento regulamentado no TRLRFL, coas convocatorias da Mesa de negociación dentro dos prazos legais de acordo ao réxime de funcionamento da mesma.

A alegación presentada por Dona Lourdes Pedrazuela Bea con DNI núm. 50703814S, en representación da Unión Sindical Obreira (USO, CIF: V83365445), con nº rexistro electrónico 200121214519, por estar substanciada en supostos distintos dos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non ten a cualificación de alegación, procede a súa DESESTIMACIÓN.

A alegación presentada por D. Gerardo Campos Ramos en representación da Asociación veciñal de Teis (CIF G36646545) co número do documento 20262208 , de data 14/12/2020, non responde a ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa dos empregos orzamentarios, non dunha alegación, polo que procede o súa INADMISIÓN.

A alegación presentada por Dona Maria Asunción Pérez González, en calidade de Presidenta da Federación de AAVV de Vigo Eduardo Chao, co número de documento 200261166 de data 11/12/2020, non responde a ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha

aplicación alternativa dos empregos orzamentarios, non dunha alegación, polo que procede o súa INADMISIÓN.

En canto á proposta, unha vez que se reflecta a desestimación e inadmisións das alegacións presentadas, o contido será o mesmo que o aprobado polo Pleno en sesión do 18 de novembro de 2020, que se corresponde coa aprobación inicial do Orzamento, non requirindo a incorporación de ningún informe adicional, coa excepción da nova proposta que formule o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda.

En canto á resolución das alegacións, o Pleno dispón do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP). Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento até as 24 horas do día 14 de decembro, foron avaliadas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

Tendo en conta o anterior, formúlase ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a Proposta que asina o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria do 18.12.2019, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: O ano 2021 será o ano clave para a reconstrución social e económica despois da COVID-19, este goberno quere ser parte activa do cambio poñendo tódalas ferramentas a súa disposición, nisto nos distinguimos doutros que din que levan 100 días de goberno para xustificar que non fan nada, cando en realidade levan anos gobernando e aínda estamos esperando as súas achegas, ou cando outros aínda se están reunindo ou non reunindo cos hostaleiros. Polo tanto, nós si que queremos poñer tódalas ferramentas a disposición da xente, poñer os cartos da xente a disposición da xente, e para iso nestes orzamentos propuxemos un gasto público produtivo que hai que engadir a eses 36 millóns de remanentes que xa reincorporamos nunha modificación anterior tamén para o 2021, pero estes 264 millóns de euros do orzamento de 2021 van destinados a satisfacer esas necesidades da cidade, esas necesidades de xente en principio a xerar esa economía que precisa esta cidade. Hai que dicir e lembrar que seguimos nesta

situación de débeda cero, polo tanto, tódolos recursos da cidade a disposición da cidade, tódolos cartos públicos a disposición do público desta cidade e polo tanto, usando exclusivamente a nosa capacidade fiscal e a nosa capacidade orzamentaria para adicar eses recursos á cidadanía, recursos que se incrementarán no seu día por suposto, cos que cheguen do estado e cheguen tamén doutras administracións, singularmente da Deputación de Pontevedra. O obxectivo é como digo, dinamizar a economía, xerar emprego e polo tanto xerar tamén dignidade nas persoas, xerar tamén esa cohesión social necesaria na cidade, activar a demanda e polo tanto, o consumo e activar a economía da cidade e por suposto, mellorar ás condicións de vida dos cidadáns da cidade pero non só se contemplan partidas de gasto público produtivo senón que tamén como non pode ser menos, gastos con retorno social para atender como non, ás necesidades urxentes daquelas persoas que así precisan, cuns orzamentos en política de Benestar Social máis elevados, os orzamentos de política de Benestar Social máis elevados de todo o mandato deste goberno, polo tanto, para atender ás necesidades urxentes das persoas que o necesitan pero tamén para atender ás necesidades ordinarias das xeracións presentes e futuras desta cidade, con gastos para educación, para deportes, para cultura, polo tanto, a atendendo a tódalas necesidades e por suposto, sendo un garante dos servizos públicos esenciais desta cidade. Polo tanto, o gasto con retorno social, o obxectivo é atender ó corazón da cidade, ás persoas que son ese corazón da cidade igual que a economía ese músculo da cidade, polo tanto, estes orzamentos son un pulmón que trata de levar ese aire que precisan, o pulmón ás persoas da cidade. Polo tanto, adicando recursos públicos como dicía ás necesidades da xente, ás necesidades do público que é economía, que é a xente que vive nesta cidade, pero tamén non só son eses 264 millóns de euros do orzamento, aos que xa dixen habería que engadir os 36 millóns dos remanentes, senón que tamén na política de bonificacións fiscais, é dicir no que non recadamos deixando nas mans dos particulares tamén hai política fiscal, porque tamén se fai política fiscal redistribuíndo e polo tanto, conseguindo esa xustiza vía non ingreso dos gastos, hai que dicir que xa reducimos impostos singularmente para as actividades comerciais, mais de 12.000 establecementos de hostalería beneficiados por esa rebaixa de impostos na taxa lo lixo, Vados, na auga, dun 25% para as actividades correntes, reducindo tamén a taxa de terrazas, hai que lembrar que

levamos máis de 5 millóns de euros na redución de taxa de terrazas e polo tanto, reducindo a cero esa taxa de terrazas, hai que dicir que un comercio ou un establecemento de hostalería podería estar pagando 3.000 euros está pagando cero, polo tanto, reducindo tamén os impostos e deixando nas mans da xente 18 millóns de euros para que poidan tamén facer uso desa non recadación que facemos nós. Polo tanto, atendendo urxente, atende o importante e facendo uns orzamentos que atenden ás necesidades das persoas, como dicía na política de Benestar Social mais de 19 millóns de euros neste orzamento, hai que dicir que dende o ano 2007 incrementamos en 326% as partidas de benestar social, partidas de educación tamén con máis de 15 millóns, incrementamos máis dun 57% dende o ano 2007 esas partidas, partidas de emprego tamén incrementadas 138% dende o ano 2007 e unha partida de investimentos que pretenden como digo dinamizar a economía da cidade, xerar emprego e mellorar as condicións de vida da xeracións presentes e futuras desta cidade, polo tanto, son os orzamentos que precisa esta cidade, son os orzamentos para 2021.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O problema do seu relato non é tanto que sexa irreal senón que parece mesmo que o cren de verdade. O Bloque Nacionalista Galego xa lle advertimos no anterior Pleno a aprobación inicial que traían uns orzamentos absolutamente fora da realidade e unicamente movidos pola inercia, traen uns orzamentos como se a pandemia e os seus brutais efectos sociais, laborais e económicos non existisen, non imos falar de que vostedes xa na aprobación inicial rexeitaron as 78 emendas que formulou o BNG e tódalas propostas da oposición, hoxe o que volven e dicirlle que non a todas e cada das peticións de diferentes colectivos veciñais. No seu Vigo imaxinario son capaces de falar de gasto produtivo cando en realidade o que queren dicir é gasto inaugurable porque o único que lles guía non é atender ás necesidades reais da cidade senón desprezar aquilo que lle pode garantir un maior número de votos, por iso, de maneira delirante, ante o éxito de masas das ramplas da Gran Vía esta cidade, a principal cidade de Galicia, o único proxecto que ten para os fondos de reactivación son máis ramplas e mais ascensores, a súa única preocupación é estar no goberno, non gobernar, non atender ás necesidades reais por iso cada exercicio deixan 4 de cada de 10 euros do capítulo de investimentos sen gastar, están tan fora da realidade que poden ter

un concelleiro de deportes que presume nunha televisión a nivel estatal dunhas pistas de atletismo que caen a cachos, tan fora da realidade que din que sobe nun 22% a partida das axudas contra desafuizamentos cando van adicar 400.000 euros menos do que xa gastaron este ano, que se gaban dunha política cultural na que hai máis programas desaparecidos que activos ou dunha política de igualdade na que gastan máis en atencións protocolarias que en campañas contra a violencia machista. Estes orzamentos son para o BNG unha oportunidade perdida para a cidade e a demostración de que vostedes non teñen máis proxecto para a cidade, que a súa propia permanencia no goberno.

SR. PÉREZ CORREA: A aprobación definitiva dun orzamento, a única diferencia que ten coa aprobación inicial que xa tivemos hai unhas semanas, é precisamente que entre a aprobación inicial e a definitiva se escoita a cidadanía en forma de alegacións ou se escoita aos colectivos sociais e veciñais e incluso aos traballadores deste Concello que fan achegas como parte interesada e que consideran que hai que cambiar determinadas partidas. Xa non é que haxa exclusivamente tres achegas de colectivos ou de organizacións sindicais, o cal para vostedes será inequivocamente un símbolo de éxito para nós é a demostración palpable de que estes orzamentos os aproba o goberno local en solitario sen a cidade, vostede nos contarán moitas milongas sobre como se escoita á cidadanía pero a cidadanía traslada a través do 010, a través de múltiples escritos que se meten no rexistro diariamente deste Concello, sobre solicitudes de usos alternativos de partidas orzamentarias, e o triste xa non é que non participen demasiados colectivos, debería preocuparlles unha cuestión, que os sindicatos aí fora, o comité de empresa mobilizándose contra o capítulo I e que nin sequera queiran presentar unha alegación que saben que vostedes van a desestimar e que ao mellor teñamos un capítulo, un novo capítulo de denuncia polo xulgado do proceso de negociación deses orzamentos, polo tanto, esperamos e emplazamos a que vostedes se senten co comité de empresa porque tal e como figura nas actas do propio expediente e tal como figura neste expediente que nin sequera se ten a ben a reservar unha partida importante para cumprir o que vai a ser a subida salarial, non existe conxelación salarial para os funcionarios e os traballadores públicos este ano toda vez que se aprobaron os orzamentos xerais do Estado e

volvemos a emprazarlles a que nos digan de onde van a sacar ese crédito e se se vai a sacar da amortización de prazas non asociados ás ofertas públicas de emprego, pero é que ademais vostedes dos 264 millóns de euros que teñen van a ter unha incorporación inaudita e histórica de remanentes e a iso se lle vai a sumar moi probablemente o fondo si finalmente a Ministra de Facenda cede e cumpre os acordos do Congreso e se traslada ao conxunto das entidades locais, os recursos comprometidos nun acordo do Congreso dos Deputados, e ademais vostedes van a ter un superávit importante do ano en curso e podemos entender que unha parte de problema de execución correspondente ao ano 2020, un ano que ademais están tendo tódolos concellos problemas de execución pola situación COVID-19 e por todo o que paseou, pero que ademais que na secuencia histórica soe ser un grado de execución baixa que vostedes teñen polo menos dende que este concelleiro está presente neste Pleno, e polo tanto, sen escoitar, sen emendar e sen entender que esta cidade xa non é a cidade do ano 19, do 18, esta cidade vai mudar, os obxectivos da cidadanía, as prioridades da cidadanía van a mudar sistematicamente, aquí tivemos a toda a hostalería pedíndolle un cambio substancial na maneira de entender as axudas ao sector da hostalería, vostedes as centralizan exclusivamente nas taxas de terraza pero pregúntelle a un hostaleiro cal é o seu custe fixo mensual e verá que dende logo case se gasta máis en poder retransmitir un partido de fútbol que no que se gastan na famosa taxa de terrazas, vostedes non quixeron escoitar, nin sequera quixeron escoitar aos tres grupos cando lle dixemos que fixeran modificacións orzamentarias de partidas que sabíamos esta ano que non se ían a executar, as axudas ás liñas áreas, as festas Vigo case 2 millóns de euros, as becas de inglés e hoxe en día podería ser unha partida orzamentaria importante para afrontar o peche do ano. Falaremos seguramente da liquidación do ano 2020, na que xa lle digo, a única gran obra que xustifica ou que vai cambiar a lexislación que xa coñecemos é a licitación do estadio de Balaídos, vostedes dirían que incluso é un gran montante de tódalas licitacións que teñen pero falaremos dos remanentes, do superávit e falaremos do ano 2021, isto agora mesmo é papel mollado, este orzamento é papel mollado porque saben vostedes que é imposible que vostedes non digan que nos presentan as dúas grandes partidas de política sociais diminuídas en 800.000 euros, é imposible, sabemos que van a ter que poñer cando menos, máis 1.000.000 euros

con modificacións orzamentarias que tiveron que poñer no ano 2020, no ano 2021 a situación vai a ir peor por que non poñelo xa? Por que xa non consignar de oficio xa no orzamento que vostedes presentan para quede claramente vehicularizado no orzamento un gasto social que supere cando menos ou que se acerque aos 100 euros de gasto social por habitante que é a recomendación de gasto social para tódalas cidade, por que xa non esta aquí? Por que o argumento é que como xa hai un ingreso mínimo vital xa non fai falla esa compensación que imos a facer o mesmo que fai a Xunta de Galicia coa RISGA? Polo tanto lle pedimos unha emenda, cando menos, nas partidas que este grupo lle trasladamos en forma de prioridades orzamentarias.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Eu discrepo da intervención que fixo o Sr. Pérez Iglesias, non se cren o que din, os cartos da xente a disposición da xente pero como van a poder dicir un concelleiro de Facenda diante deste Pleno e ratificalo un Alcalde que os cartos da xente está a disposición da xente, non chega nin a metade dos cartos, a súa execución orzamentaria no ano 2020 foi vergoñenta, nós votaremos en contra destes orzamentos porque nós dicimos non a uns orzamentos insolidarios, a uns orzamentos inxustos, a uns orzamentos que non van a ser eficaces, e uns orzamentos que non se van a executar, os orzamentos do ano 2020 non serviron para as consecuencias económicas e sociais da COVID-19, nin sequera se molestaron en executalos, foron un récord de inexecución, nin un euro para comerciantes, nin un euro para hostaleiros, precariedade en gasto social, precariedade en gasto social, colas da fame en Vigo, as colas da fame se agrandan en Vigo ás portas do Nadal, Sr. Alcalde vostede di que non hai ningunha necesidade sen atender, vaia vostede a estas colas da fame e dígalles que están perfectamente atendidos pero como non vai haber colas da fame en Vigo se o gasto social do Concello foi de 19 millóns de euros cando en A Coruña, non me cansarei de repetilo, son 29 millóns, mire vostede presentaron o outro día o goberno Socialista de Lugo os orzamentos para o ano 21, Lugo ten apenas 98. 000 habitantes, sabe canto vai a adicarlle a gasto social? 13,8 millóns de euros, apenas 5 millóns menos do que lle adica Vigo que ten 28.683 persoas desempregados e subindo, só neste último ano 1.823 máis que o ano pasado. Gastamos menos en política social que en limpeza viaria, xa llo dixen, adicamos máis esforzo a

conseguir escobas de platino que a paliar as necesidades da xente que o pasa mal. A política social non pode ser só axudas de emerxencia e por certo, Sr. Alcalde pregunteille aquí non hai nin un mes, hai 15 días, se estaba ben a tramitación un expediente de indemnización a Vitrasa, non me contestou, me contestou dous días despois nunha Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente que aprobou iso si unha axuda de emerxencia a Vitrasa de máis de 2 millóns de euros que é unha partida superior a que se adica aquí para pagar os alugueiros, alimentos dos que necesitan nos orzamentos do 2021, esa é a verdadeira axuda de emerxencia da que se preocupou este goberno, e non do orzamentala suficientemente no ano 2021. é unha vergoña que neste ano 2020 despois de en decembro do 2019 prever un gasto social de 18 millóns se incrementase só nun 1,4 millóns, volvo a repetirle ese foi para vostede o gasto social do COVID-19 en Vigo sobre o que estaba previsto, 1,4 millóns de euros esa é a realidade, un incremento de 1,4 millóns de euros sobre o orzamentos inicial para facer fronte ao COVID-19, 2,2 millóns de euros para indemnizar a Vitrasa.

Para o comercio e a hostalería da cidade non hai medida algunha nin sequera para o que depende do Concello, dos mercados municipais pagaremos si outro ano máis o os impostos máis altos da historia, non sei de que bonificacións falan cando o ingreso previsto tributario neste ano é practicamente o mesmo que o ano anterior, e no ano 2020 subiron os impostos un 2,5%, os impostos máis altos da historia, os orzamentos mais altos da historia, máis inexecutados da historia, cero euros para comerciantes, cero euros para hostaleiros, somos a única cidade de Galicia que deixou sen axudas directas aos comerciantes, hostaleiros no 2020 e seremos no ano 2021 a única cidade galega que no adica un euro en axudas directas ao comercio e á hostalería, nós lle pedimos 10 millóns de euros para axuda a 3.500 autónomos, onde están eses comerciantes, eses hostaleiros que abriron as portas o 1 de xaneiro do ano 20, onde están agora? Moitos deles pecharon, dío a prensa, autónomos e comerciantes chegan a Vida Digna a por bolsas de comida, Sr. Alcalde esa é a política económica que fai este Concello, esa é a política social que fai este Concello e o ano que ven seguiremos pola mesma senda porque non foi quen de rectificar, máis do mesmo, e o mesmo Sr. Alcalde xa no serve.

SR. LÓPEZ FONT: De verdade que afastados están vostedes da realidade, que dificultades lle supón o ter que abordar este debate orzamentario, mire, estamos nun día histórico, estamos na aprobación do mellor orzamento da historia desta cidade, que culmina 13 anos e medio de senda na que cambiou totalmente a cidade, vostedes danse conta de que en dous meses neste Pleno, aprobamos Barrio do Cura, remanentes por 36 millóns de euros, Panificadora e presuposto por 264 millóns? Vostedes danse conta do que significa isto a nivel económico e en política social? Hai que ler Sr. Marnotes o que significa este orzamento, este orzamento é o da estabilidade á cidade, é o de atender absolutamente a tódolos sectores da cidade, o que pasa é que aquí fallan determinados compromisos, e falla o compromiso da Xunta de Galicia ao que vostedes tres veñen a branquear co que son realmente as súas competencias, as competencias de axuda a comerciantes e as competencias de axuda á hostalería corresponden á Xunta de Galicia porque é unha competencia estritamente propia, de que me falan, de que non se apoia ao sector da hostalería? Neste orzamento hai unha axuda á hostalería de 5 millóns de entrada, a un local do Casco Vello lle pode supoñer de arranque un aforro de 4.000 euros, antes de comezar o ano, para unha terraza que é absolutamente máis necesaria, sabe onde non hai axudas para a hostalería? No Concello de Pontevedra gobernado polo Bloque Nacionalista Galego pero non a hai este ano, non hai en anos anteriores, mentres que nesta cidade levamos 8 anos, máis de 8 anos, axudando á hostalería, pero non só con axudas directas senón con axudas de todo tipo, a promoción da cidade o sitio onde o Alcalde colocou a esta cidade a nivel nacional saben o que supuxo o ano pasado? Que determinados negocios de hostalería tiveran que pechar e parar a súa actividade por falla de existencias, houbo negocios que venderon mil bocadillos nun día, houbo negocios que tiveron que parar a actividade porque non tiñan existencias e saben como se consegue iso? Promocionando a cidade, incentivando á cidade. Miren, vostedes non queren ver nin este orzamento nin a realidade da cidade, o Alcalde sempre di que a cidade e a cidade da economía e da cidade da economía deriva un orzamento como este que é unha inxección directa ao emprego, que é o maior exemplo de dignidade que se pode ter hoxe unido aos remanentes que aprobamos, pero dese orzamentos e da cidade da economía derivan máis cousas, é a cidade da solidariedade, repetido aquí ata a saciedade que ninguén vaise quedar tirado, que non vai haber límite

orxamentaria para aquel que o necesite, claro que o importante é a axuda de emerxencia claro que si porque o estado de España hoxe ten o ingreso mínimo vital que vostedes Partido Popular nunca houbesen traído a este país e polo tanto, aquí o que se practica é unha política de axuda social permanente, non se ten que estar esperando a unha determinada convocatoria, pero tamén saben do que se deriva este orzamento? Da cidade da modernidade, da cidade á vez do futuro e xa vexo que lles molesta o tema das grandes obras e grandes realizacións que se fan nesta cidade, vostedes vanse a facer fotos antes de inaugurarse as ramplas xa deixaron de falar das ramplas, claro, no momento en que os cidadáns as poden gozar e de que maneira a foto dos catro se acabou. Miren, a realidade é que en 13 anos e medio esta cidade cambiou, que vostede non ven o que certamente se está facendo, e que a cidade vai por un camiño e vostedes por outro. O outro día falaban de aritmética electoral, saben cal é a aritmética electoral? Que vostedes, toda a oposición son o 25% e que a cidade de Vigo dixo nun 70% de apoiar ese proxecto que encabeza o Sr. Caballero dende o ano 2007 que é o que lles doe, a pena é que estando hoxe nun momento histórico, vostedes non o estean gozando pero os demais si o gozamos.

SR. ANEIROS PEREIRA: A imaxe da oposición é a imaxe da irrealidade porque miren se alguén na irrealidade é este Alcalde de Pontevedra que neste ano lle piden a anulación das taxas de terrazas, nós dende o ano 2011 levamos con taxa cero de terrazas e con actividades de dinamización para o sector turístico, para o sector comercial e o sector hostaleiro desta cidade, polo tanto, nós levamos moito mais na realidade que vostedes noutro Concello onde gobernan pero miren, se escoitamos ao señor do Partido Popular parece que a Xunta de Galicia fixo moito por Vigo, poden dicirme algunha medida do Sr. Feijóo nestes 100 días? Saben cal é a mellor medida do goberno galego neste 100 días de goberno para Vigo? 6 millóns mais para o hospital privado de Vigo, esa é a medida estrela da Xunta de Galicia.

PRESIDENCIA: Sr. Marnotes, vostede falou e ninguén o interrompeu. Chámoo á orde por primeira vez, deixe falar ao concelleiro de Facenda, aquí todo o mundo respectou as palabras de todo o mundo.

Segundo vez o chamo á orde, Sr. Marnotes.

Continúe señor concelleiro.

SR. ANEIROS PEREIRA: Polo tanto nós si que somos os que adicamos os cartos da xente á xente, ás persoas, aos que o necesitan aos que o precisan, a promoción da cidade, das persoas, da economía, a xeración dunha cidade si cun modelo, cun modelo Sr. Marnotes a ver se se decata, con presión fiscal baixa, a máis baixa das cidades de Galicia, a presión fiscal máis baixa das cidades de Galicia con débeda cero, con pago á provedores en 7 días, polo tanto, a cidade con mellor número económico de toda Galicia, pero si somos algo máis que iso, porque somos un proxecto da cidade das persoas, un goberno que ten un proxecto para as persoas, cunha cidade por suposto solidaria, cun orzamento de Benestar Social de 19 millóns de euros o máis alto e agora si que temos aliados no camiño porque si que o goberno de España achega ás persoas, xa temos un ingreso mínimo vital e temos o apoio do goberno de España ás persoas, non así do goberno da Xunta de Galicia porque a Xunta de Galicia nin está nin se lle espera e como aquel amigo que invita pero nunca paga, esa á Xunta de Galicia en Vigo, polo tanto, nós reconstruímos a cidade e somos o goberno que fai á cidade solidaria, tamén unha cidade cohesionada social e xeograficamente con investimentos en tódolos barrios, en tódalas parroquias, somos o goberno que garante a cohesión da cidade, somos a cidade, o goberno que promociona a cidade activa, atractiva, economía e a cidade de vangarda que é Vigo no contexto de Galicia, Vigo no contexto de España, a cidade que promociona Galicia, a cidade que tira de Galicia, a cidade máis importante de Galicia e si que escoitamos o que pasa que cando non se pode atender ao que se pide porque é ilegal, porque non cabe dentro do marco xurídico, por suposto non se pode atender ao que se pide. Polo tanto, dicir que non a estes orzamentos é dicir que non á cidade, nós pedimos o si para a cidade.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez

Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.-

A) DESESTIMAR

- A alegación presentada por Dona Lourdes Pedrazuela Bea con DNI número 50703814S, en representación da Unión Sindical Obreira (USO).

En relación coa caducidade de prazas incluídas en Ofertas de Emprego Público, non hai constancia de tal feito. Hai un informe de Área de Recursos Humanos, asinado o 18/10/2019, na que se deixa constancia da situación das OEP aprobadas en execución e da data a ter en conta aos efectos do cómputo dos tres anos que regula o artigo 70 do TREBEP. O informe conclúe que no hai caducidade sobre as OEP en execución.

A existencia de prazas sen correspondencia nunha Oferta de Emprego Público, a alegante considera que deberían ser postos temporais, pero non prazas, fixas e permanentes.

As restricións contidas nas distintas Leis dos Orzamentos Xerais do Estado en relación coa Taxa de Reposición de efectivos dende o ano 1996, coas excepcións do período 2003-2008 e a dos anos 2018-2020, imposibilitou por imperativo legal, a aprobación das OEP, polo que as prazas quedaron valeiras.

As dotacións orzamentarias anuais destas prazas xeran recursos para facer fronte a novos empregos dentro do Capítulo 1.

Se das prazas vacantes (323, na fase de formación do Orzamento), se deducen as correspondentes ás OEP aprobadas e se ten en conta os postos cubertos con persoal interino con cargo a praza, tendo ademais en conta a OEP do ano 2020 (82 prazas, pendente de aprobar), as prazas non asociadas a ningunha OEP, segundo a información dispoñible para a formación dos Orzamentos do ano 2021, sería de \pm 53 prazas.

En relación á temporalidade, da 323 prazas vacantes, están case na súa totalidade asociadas a OEP.

Prazas en fase de execución: OEP 2014/2015/2016, 18 por quenda libre e 14 por promoción interna. OEP 2017/2018/2019, 1ª Fase, BOP 07/07/2020, 86 prazas, 62 quenda libre, 9 de promoción interna e 15 de mobilidade horizontal, 2ª Fase, BOP 07/11/2020, 7 quenda libre, 1 de promoción interna. OEP ano 2020, 82 prazas, pendente de aprobación.

Coa execución das OEP que afectan aos dous servizos mais importantes polo número de prazas (Policía e Servizo de Extinción de Incendios), quedará reducida esta contía a unha taxa conxuntural, coa excepción daquelas prazas que non están asociadas a ningunha OEP por imperativo legal, que como se acreditou, está en \pm 53 prazas .

En canto ao proceso de transformación de prazas para axustar a estrutura do persoal ás necesidades que xera o desenvolvemento da Administración Electrónica, o lexislador ven incorporando un novo marco xurídico no ámbito das Administracións Públicas cuns obxectivos moi concretos: Maior eficiencia, máis transparencia, maior apoio ao cidadá nas súa relacións coa administración, máis rapidez nas respostas, maior interrelación entre as administracións. A Administración ten a necesidade e a obriga de reestruturar os seus recursos, adaptándoos a esta nova administración.

Por último, segundo se fai constar no informe, as dotacións de carácter obrigatorio, é dicir, aquelas asociadas á plantilla e a súa RPT (Retribucións Básicas, Complemento de Destino, Complemento Específico, A antigüidade, Seguridade Social a Cargo do empregador, Retribucións por dedicación exclusiva e parcial dos órganos superiores, Persoal eventual), así como aquelas previstas no Marco Regulador Vixente (Plan de Pensións, Fondos Social, Seguro colectivo, gastos de formación e outras) , e aquelas que teñen causa en acordos adoptados que devengan gasto no ano 2021, a dotación é suficiente e garante os acordos adoptados.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, as alegacións presentadas por la Unión Sindical Obrera, non responden a ningún dos relacionados no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, ten un alcance que está dentro da capacidade organizativa da entidade e dunha pretensión de ordenación dos recursos, non dunha alegación, polo que procede a súa DESESTIMACIÓN.

B) INADMITIR

- A alegación presentada por D. Antonio Collazo Collazo, en representación da Asociación Veciñal de Teis (CIF G36646545) co número do documento 20262208, de data 14/12/2020, por non responder a ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que, non ten a cualificación de alegación, trátase dunha aplicación alternativa dos empregos orzamentarios, non dunha alegación, polo que procede a súa INADMISIÓN.
- A alegación presentada por Dona Maria Asunción Pérez González, en calidade de Presidenta da Federación de AAVV de Vigo Eduardo Chao, co número de documento 200261166 de data 11/12/2020, non responde a ningún dos supostos relacionados no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa dos empregos orzamentarios, non dunha alegación, polo que procede a súa INADMISIÓN.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Orzamento para o ano 2021, tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao Orzamento Xeral do Concello de Vigo, non habéndose producido ningunha alteración en relación co Proxecto aprobado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de data 18 de novembro de 2020, polo que, non se incorporan máis informes cos contidos inicialmente, coas excepcións dos relativos á resolución das alegacións que se incorporan ao expediente.

O Proxecto de Orzamento está integrado por:
 Orzamento da Entidade Local.
 Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.
 Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

Reflictese nesta proposta o resume por Capítulos da clasificación económicas de gastos, ingresos e por Áreas de Gastos, tanto para o Orzamento da Entidade como o do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións así co os estados Consolidados do Grupo Concello de Vigo. En relación con estes últimos, os estados orzamentarios que conforman o expediente do Orzamento, inclúen unha consolidación a todos os niveis (Capítulos, Áreas, Aplicacións, Programas....)

A estrutura orzamentaria que se presenta axústase ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e a Orde 419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde 3565/2008.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS E INGRESOS DA ENTIDADE E COMPARATIVO 2020-2021

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2020	Importe 2021	Variación %	Importe 2020	Importe 2021	Variación %
1	70.028.171,00	70.028.171,00	0,00%	113.296.218,00	113.666.541,40	0,33%
2	128.215.073,84	131.221.341,30	2,33%	8.708.898,82	8.975.743,44	3,06%
3	3.530,00	8.530,00	141,64%	40.156.209,00	40.709.477,00	1,38%
4	33.882.508,26	32.940.184,38	-2,72%	81.735.182,76	84.650.720,37	3,57%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.687.000,00	2.811.396,00	4,63%
Operc. Corr.N.F	232.729.283,10	234.798.226,68	0,89%	246.583.508,58	250.813.878,21	1,72%
6	30.781.098,51	25.517.628,30	-17,10%	,00	,00	0,00%

7	1.618.050,46	1.429.385,44	-11,66%	18.544.923,49	10.931.362,21	-41,05%
Operaciones N.F	265.128.432,07	261.745.240,42	-1,28%	265.128.432,07	261.745.240,42	-1,28%
8	646.000,00	500.000,00	-22,60%	646.000,00	500.000,00	-22,60%
9	,00		0,00%	,00		0,00%
Total	265.774.432,07	262.245.240,42	-1,33%	265.774.432,07	262.245.240,42	-1,33%

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2020-2021

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2020	Importe 2021	Variación %	Importe 2020	Importe 2021	Variación %
1	75.451.540,74	75.451.540,74	0,00%	113.296.218,00	113.666.541,40	0,33%
2	130.150.271,39	133.004.120,34	2,19%	8.708.898,82	8.975.743,44	3,06%
3	3.530,00	8.530,00	141,64%	41.598.359,71	42.092.099,68	1,19%
4	28.052.543,26	27.129.832,18	-3,29%	82.208.672,36	85.000.894,27	3,40%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.688.000,00	2.812.396,00	4,63%
Operac. Corr.N.F	234.257.885,39	236.194.023,26	0,83%	248.500.148,89	252.547.674,79	1,63%
6	31.109.136,53	25.785.628,30	-17,11%	,00	,00	0,00%
7	1.678.050,46	1.499.385,44	-10,65%	18.544.923,49	10.931.362,21	-41,05%
Operaciones. N.F	267.045.072,38	263.479.037,00	-1,34%	267.045.072,38	263.479.037,00	-1,34%
8	678.000,00	532.000,00	-21,53%	678.000,00	532.000,00	3,94%
9	,00		0,00%	,00	,00	0,00%
Total	267.723.072,38	264.011.037,00	-1,39%	267.723.072,38	264.011.037,00	-1,39%

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2020-2021

Área	Descripción	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2020	2021		2020	2021	
0	Débeda Pública	,00	5.000,00	100,00	,00	5.000,00	100,00%
1	Servizos Públicos básicos	133.640.589,2	129.891.497,53	-2,55%	135.589.229,5	131.657.294,11	-2,90%
2	Actuación de protección e promoción social	26.386.879,58	26.469.966,11	0,31%	26.386.879,58	26.469.966,11	0,31%

3	Producción B. públicos carácter preferente	42.899.282,51	42.698.870,11	-0,47%	42.899.282,51	42.698.870,11	-0,47%
4	Actuacións de carácter económico	19.486.482,64	19.266.597,26	-1,13%	19.486.482,64	19.266.597,26	-1,13%
9	Actuacións de carácter Xeral	43.361.198,12	43.913.309,41	1,27%	43.361.198,12	43.913.309,41	1,27%
Total		265.774.432,0	262.245.240,42	1,33%	267.723.072,3	264.011.037,00	-1,39%

RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2020-2021

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2020	Importe 2021	Variación %	Importe 2020	Importe 2021	Variación %
1	5.423.369,74	5.423.369,74	0,00%			
2	1.935.197,55	1.802.391,84	-6,86%			
3				1.442.150,71	1.382.622,68	-4,13%
4	,00	,00	0,00%	6.303.454,60	6.180.138,90	-1,96%
5				1.000,00	1.000,00	0,00%
Op. Corr. NF	7.358.567,29	7.225.761,58	-1,80%	7.746.605,31	7.563.761,58	-2,36%
6	328.038,02	268.000,00	-18,30%	,00	,00	0,00%
7	60.000,00	70.000,00	16,67%			0,00%
Op. Cap. NF	388.038,02	338.000,00	-12,90%	,00	,00	0,00%
T. Op. N.F	7.746.605,31	7.563.761,58	-2,36%	7.746.605,31	7.563.761,58	-2,36%
8	32.000,00	32.000,00	0,00%	32.000,00	32.000,00	0,00%
Total	7.778.605,31	7.595.761,58	-2,35%	7.778.605,31	7.595.761,58	-2,35%

FUNDACIONES QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN MARCO, CONVENCIÓN BUREAU

Non se inclúe a fundación FAIMEVI, por estar disolta en fase de liquidación, sendo o terceiro ano que non aproba orzamento.

As fundacións que se relacionan, que forman parte do Grupo de Consolidación Concello de Vigo, ao igual que o Concello e o Organismo Autónomo, quedan

suxeitas ao cumprimento dos obxectivos fiscais que regulamente a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en relación co cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e endebedamento.

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA (MARCO)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			Variación
	Importe 2020	Importe 2021	Variación		Importe 2020	Importe 2021	
G. Persoal	295.044,96	295.045,00	0,00%	Ingresos	66.046,81	41.000,00	-37,92%
Cons. eléctrico	68.168,00	100.000,00	46,70%	Subv. doazóns	740.000,00	740.000,00	0,00%
Exposicións	164.116,86	104.238,00	-36,49%	Achegas usuarios	15.000,00	10.000,00	-33,33%
Outros g. Activ.	270.977,00	268.977,00	-0,74%	Patrocinio La Caixa	10.000,00	10.000,00	0,00%
G. Financeiros	1.000,00	1.000,00	0,00%				0,00%
Amortiza. Inmv.	31.739,99	31.740,00	0,00%				
Operac. N.F	831.046,81	801.000,00	-3,62%		831.046,81	801.000,00	-3,62%

CONVENTION BUREAU (CB)

CONCEPTOS	Empregos			Recursos			Variación
	Importe 2020	Importe 2021	Variación		Importe 2020	Importe 2020	
G. Persoal	181.383,13	181.383,13					
Cons. e gast. xestión	10.500,00	38.101,87		Subv. doazóns	218.000,00	218.000,00	
Publ.mat. Promoc.	17.601,87	3.000,00		Achegas socios	9.000,00	9.000,00	
Acc. promoción	264.000,00	264.000,00		Out. ingresos	250.000,00	263.000,00	
P. outros entes	3.515,00	3.515,00					
Operac. N.F	477.000,00	490.000,00	0,00%		477.000,00	490.000,00	0,00%

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e a Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

Deixar en suspenso o criterio xeral aplicable aos créditos extraordinarios que regula a Base 8ª das de Execución para as modificacións de crédito que se tramiten no último trimestre do ano, ou para aquelas outras que o dereito substantivo regule uns criterios distintos, en relación que os créditos teñen que quedar en fase de compromiso de gasto ao peche do exercicio.

CUARTO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

As retribucións do persoal ao servizo do Concello de Vigo, serán actualizadas segundo previsto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, e terá a súa aplicación ao un de xaneiro se a a norma así o establece.

SEXTO.- Dado que na actualidade estase a tramitar un expediente para a aprobación dunha “Instrución sobre a tramitación dos contratos menores”, coa participación transversal de diferentes áreas do Concello, cuxa finalidade é a de regulamentar todo o procedemento, unha vez que entre en vigor, a regulación contida na base 31ª terá carácter supletorio, e so se aplicará se non contradice ou xera diverxencias co regulamentado na instrución que se aprobe.

SÉPTIMO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2021-2024, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

OITAVO.- Corrección de erros.

No proxecto sometido a trámite, está a aplicación 1532.6190005, cunha definición do investimento incorrecta, hai que cambiar o nome de HUMANZ. G.BARBON ENTRE R.CASTRO EI.PERAL, por HUMANZ. T.LEAL, D.BOSCO-VENEZUELA.

No orzamento aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión do 18 de novembro de 2020, figura no programa 2310 as partidas 6260012 cunha dotación de 200.000,00 euros e a 6400012, cunha dotación de 124.000,00 euros. No PAIF, figura a aplicación 2310.6400012 cunha dotación de 324.000,00 euros. Hai un erro no PAIF, debendo figurar a contía desagregada nas aplicacións segundo o orzamento aprobado, 6260012 cunha dotación de 200.000,00 euros e a 6400012, cunha dotación de 124.000,00 euros

NOVENO.- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

DÉCIMO.- Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío o Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior. O procedemento de remisión axustarase ao contido do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

UNDÉCIMO.- En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2021, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

DOUDÉCIMO.- O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e terá os seus efectos dende o un de xaneiro.

DECIMOTERCEIRO.- De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición (artigos 45 e 46 da Lei 29/1998). A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.

DECIMOCUARTO.- Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2021, procederase a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa e afectasen de forma significativa á Liquidación do Orzamento e aos equilibrios orzamentarios.

DECIMOQUINTO.- Se o Dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación ou polo órgano que teña a competencia, acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral, se das mesmas se puxese en perigo o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentario ou da regra de gasto.

DECIMOSEXTO.- Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento até o día 11 de decembro, foron avaliadas e resoltas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

PRESIDENCIA: Este é 15º orzamento que se aproba na cidade de Vigo por primeira vez na historia. Moitas grazas señoras/es concelleiros.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL ACCTAL. DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

Susana Gallardo Fariña.